

"Casares foi guevarista e defensor de posicións moi próximas á teoloxía da liberación"

Falamos con Henrique Monteagudo, profesor da USC, secretario da RAG e biógrafo do autor homenaxeado nestas letras, a quen coñeceu durante vinte anos e sobre quen publicou a máis completa biografía até o momento, 'Carlos Casares. Un contador de historias'.

R. Castro 16/maio/17

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/casares-foi-guevarista-defensor-posicions-moi-proximas-teoloxia-da-liberacion/20170516213042057542.html>

- Como biógrafo de Casares, como cres que pasará á historia a súa figura?

- Creo que basicamente como escritor. Ten facetas moi importantes como editor, de Galaxia e de Grial, e logo a contribución que fixo en canto a un aspecto máis institucional e público, no Consello da Cultura. Pero eu creo que o seu legado máis recordado vai ser a súa obra literaria. Para min non ten dúbida.

- Como chegou o rapaz Casares a unha conciencia galeguista naquel contexto de ditadura?

- El tiña unha relación cos círculos máis literarios e intelectuais de Ourense, aínda que aquilo non era exactamente un contacto co galeguismo. Foi realmente en Santiago, cando veu a estudar na Universidade, con aquela xente que acababa de fundar O Galo, como Arcadio López Casanova, como Salvador García Bodaño, e logo moi rapidamente a través destes dous chega ao contacto con Piñeiro. Realmente foi a través de Piñeiro, aínda que antes toma contacto co estudantado e coa xente nova máis mobilizada no ámbito cultural.

- Que supuxo Piñeiro na súa vida?

- Piñeiro foi fundamental, díxome el mesmo, non só polo que supuxo de transmisión dunha memoria e dun coñecemento da historia cultural e política de Galiza que daquela era imposible obter se non era pola vía de coñecemento directo dalgunha persoa coma el que transmitía o legado do galeguismo republicano e do contacto co exilio. Logo nos primeiros anos de contacto con el, nos 60, Piñeiro axudoulle moito. Hai que recordar que tiña problemas serios de saúde, recaía en depresións constantemente, e iso mesmo lle chegou a impedir seguir os estudos. Houbo tres cursos nos que practicamente non fixo nada. Estivo en Xinzo apartado de todo e sen poder estudar. Aí Piñeiro axudoulle moito a saír desta situación, e orientouno na súa vocación literaria. El tiña unha vocación dirixida á poesía, e Piñeiro fíxolle ver que tiña máis dotes para a narrativa. E logo Piñeiro transmítelle o legado galeguista político e cultural. É como unha especie de

'brújula' para el no ámbito político. El mesmo di que Piñeiro lle transmitiu unha visión do mundo e unha actitude fronte á vida.

- Ti mesmo dis que había unha diferenza ideolóxica entre eles: Piñeiro era nacionalista e Casares federalista. Como chegan a presentarse os dous polo PSOE no primeiro Parlamento galego?

- Iso foi máis tarde, porque Carlos Casares, na época de estudante e mesmo despois, nos 60 e nos primeiros 70, ten unha traxectoria política que non é coincidente con Galaxia. Mesmo nunha entrevista a finais dos anos 70 explica as súas diferenzas con Galaxia, e critica que Galaxia tiña pouca incidencia e pouco activismo político e logo isto confirmanolo a correspondencia, no 65 e 66, na que lle di a Piñeiro que hai que traballar politicamente, que hai que implicarse nas mobilizacións estudiantís. E el así o fai. El aí entra no ámbito da Asociación Democrática de Estudiantes, no chamado FELIPE, Frente de Liberación Popular. El di que nunca se sentiu estrictamente nacionalista, e despois como chegan a coincidir? Ten que ver coa historia da Transición e dos primeiros pasos da autonomía. Piñeiro, aínda que ás veces se di que non fixo política e se refuxiou no culturalismo, a verdade é que a fundación de Galaxia foi unha decisión política, e nos anos 60 Piñeiro estaba apoiando activamente a fundación do PSG, por exemplo. Participa nos contactos internacionais, mesmo fai unha viaxe clandestina ao exterior por esta cuestión. Piñeiro realmente cando dá a viraxe do concepto famoso do piñeirismo de intentar galeguizar os partidos estatais máis que construír unha forza política propia, é moi posterior. Este paso que eles dan de presentarse ás eleccións, unha parte de Galaxia coa UCD e outra co PSOE, non deixa de ser unha manobra táctica de Piñeiro logo de ver que os partidos nacionalistas non teñen apoio electoral, que constata nas sucesivas convocatorias do 77 ao 80, e que o groso do nacionalismo está en contra da autonomía, cousa que lles parecía unha estratexia absurda. E aí é cando dan ese paso de tentar que Galiza teña unha autonomía de primeiro nivel comprometendo á UCD e ao PSOE basicamente, e tamén -douta maneira- a AP. E aí é onde se encontra con Casares, aínda que Casares estivera na órbita do PSG da Transición, pero cando fracasa electoramente e provoca unha crise no propio partido, Casares apoia o sector que se une ao PSOE, e aí atopa a Piñeiro. El está nunha liña federalista pro-PSOE, e Piñeiro aposta por apoiar o PSOE para galeguizalo e así garantir unha autonomía dado que os partidos nacionalistas non teñen respaldo electoral nin queren construír ningunha autonomía. Aí é onde se encontran os dous.

- Actualmente temos unha idea de Casares moi ligada ao 'stablishment' cultural, pero efectivamente, foi expulsado cun colexio en Viana e expediantado xunto a Ferrín, Alonso Montero e Francisco Rodríguez.

- É que cando se fala das traxectorias destes personaxes, fanse lecturas retroactivas, como se eles nos 50 xa souberan o que ían facer máis tarde. E Casares estivo implicado na resistencia democrática contra o franquismo, con represalias de distinto tipo. Logo eles apostan na Transición por apoiar ao novo réxime, particularmente na autonomía. E aquí hai unha gran diferenza con outras forzas políticas, que se manteñen á marxe, e ademais dun xeito moi belixerante. E a partir de aí tanto Casares como Piñeiro forman parte do 'stablishment', están implicadas na construción do réxime autonómico e xogan ese papel.

- O posicionamento político de Casares sempre se caracterizou pola moderación, non? Socialdemócrata, galeguista cristiano, federalista...

- Pois non, Casares nos 60 parte dunha posición de tipo cristián. Ten unha evolución moi clásica, xente do ámbito cristián que logo do Concilio Vaticano II e posteriormente, ao fío da implicación

de sectores da Igrexa Católica cos movementos de liberación nacional, toma unha orientación, unha viraxe máis radicalizada. Casares nos anos 60 ti ou eu categorizariámolo como unha especie de guevarista, partidario do Che Guevara. Ten un poema dedicado ao Che, o seu diario -"Os días da morte do Che Guevara"- é moi elocuente, nunha liña bastante radical. Despois da carreira colaborou en accións bastante particulares, como o paso da fronteira con Portugal de militantes do famoso LUAR [Liga da Unidade e Acção Revolucionária], un movemento armado. O Casares socialdemócrata nace do coñecemento de Suecia, polo tanto é posterior ao ano 71. O Casares do ano 68 sería irrecoñecible para nós. Era un guevarista e defensor de posicións moi próximas ao que hoxe chamariamos a teoloxía da liberación en Latinoamérica, e aquí participaba no FELIPE.

- A política non o convenceu, só botou catro anos no Parlamento galego.

- El non era unha persoa que tivese unha visión política das cousas. Evidentemente no franquismo, onde calquera persoa cun mínimo de inquiredanza intelectual e cun mínimo de conciencia moral situábase contra o réxime, era case obrigada. E logo na transición e nos comezos da autonomía, faino tamén porque cría que había que arrimar o ombreiro, neste caso xa moi orientado por Piñeiro. El díó moitas veces, el non era unha persoa de partido, tiña as súas simpatías socialdemócratas. Felipe González caíalle moi ben, pero o seu líder político claramente Olof Palme, e o seu sistema político-social era o sueco. O que sería unha socialdemocracia das de antes: un estado potente con impostos, con servizos públicos, con ensino de balde... Ademais era moi consecuente, os seus fillos estudaron na pública. El tiña ideas políticas e tiña bastante claro que modelo de sociedade e de xestión pública lle gustaba, pero non se vía a si mesmo como home de partido nin metido na vida política, por iso non recunhou na vida política, porque lle ofreceron volver ao Parlamento, e eu oínlle que el entendía que se volvía tiña que facerse militante do PSOE, non tiña sentido seguir como independente. Pero cría que a súa misión estaba cumprida na política e logo o esforzo que el fai é un esforzo de intentar constituír un espazo autónomo para a cultura galega, con respecto ao ámbito político, coas súas leis e o seu funcionamento propio e isto a el foille imposible porque tocoulle este esforzo facelo na época do fraguismo, onde había un control abafante no ámbito cultural por parte do poder. E aí tivo a súa polémica co sector do nacionalismo que tampouco entendía moi ben isto de buscar unha autonomía para a cultura, que entendía a cultura como algo supeditado á política. Foi moi difícil na Galiza dos anos 90 ese esforzo que el se propuña de facer unha cultura autónoma, crítica co poder e sen servir a ningún partido. Por aí era por onde el tiraba, aínda que a súa vocación persoal era a literaria.

- Foi director de Galaxia e presidente do Consello da Cultura, dúas das máis importantes institucións culturais do país. Cal foi a súa impronta, o seu legado, neste eido?

- No caso de que Galaxia foi o esforzo de que pegase un salto desde onde viña, que era aquela empresa cultural do resistencialismo, da ditadura. Xa dera algúns pasos, pero faltaban os pasos definitivos para convertela nunha empresa cultural competitiva, para entendernos. Non estaba Galaxia soa, Xerais tiña moito pulo daquela, e colocárase ben no novo marco, no mercado do libro de texto, que era fundamental para capitalizar a empresa e lanzala ao mercado. Aí Galaxia chegou tarde. El fixo ese esforzo de modernización e posta ao día de Galaxia, explotou moito o fondo clásico e intentou de abrirse a novos públicos, desde o infantil, até as coleccións xuvenís e outro tipo de libros que non había en galego, como guías de viaxes, de natureza, coleccións como a obra completa de Conan Doyle, ou o dicionario da literatura galega, obras completas de Castelao ou Risco... El intenta chegar a novos mercados, utilizando o fondo potente que tiñan, e abrindo novas vías.

- E no Consello?

- Aí ten moito que ver coa concepción da cultura galega. El consideraba que a tradicional era máis ben de tipo humanístico e filolóxico, el cría que iso era limitado e que para normalizala había que ampliar o repertorio, meter a arquitectura, o urbanismo, as ciencias sociais, as ciencias naturais... El xa o intentara na revista Grial, pero tiña máis posibilidade de o facer no Consello, onde introduciu as novas tecnoloxías, como o portal. Ese é o legado que el deixa.

- O seu crecemento no sistema cultural galego, tal e como afirma Armando Requeixo, foi fulgurante. Con 37 anos xa era académico da RAG. A que foi debido?

- El tiña un sentido da oportunidade extraordinario, era un pouco visionario. Date conta, el chega a Santiago no curso 62-63 e atópase co 'annus mirabilis' da cultura galega: o primeiro Día das Letras Galegas, a Fundación Penzol, a aparición da revista Grial... Queda terceiro nas Festas Minervais, participa no primeiro acto das Letras que se fai en Galiza, no número 1 de Grial. Fíxate na súa capacidade anticipatoria. Logo no 67 participa nas mobilizacións do espertar do movemento estudantil, sendo un dos protagonistas. É primerio premio de literatura infantil do Facho, primeiro premio de teatro infantil, premio de Galaxia de narrativa do 75. Era unha persoa con moita visión de futuro e con moitísimo talento. Entón era un momento de cambio moi grande. Cando entra na Academia, hai que recordar que hai unha tentativa de dar entrada a xente nova. Neses anos é designado Franco Grande, que era un mozo, e Beiras. E ás veces parece que fora el enchufado, e o que pasa é que el foi o primeiro en ler o discurso, pero Beiras non o leu nunca, e Franco Grande tardou vinte anos. A el cando se lle poñía unha oportunidade diante, el collíaa. Era un home dun talento invulgar que aproveitaba as oportunidades que se lle poñían diante.

- Sempre foi un home atarefado, pero sempre sacaba tempo para escribir aínda que fose para a súa columna diaria na Voz. Como cres que tería sido a súa obra se se tiver dedicado totalmente a ela?

- Eu creo que a el a súa dedicación ten que ver coa súa polifacencia, porque facía moitas cousas, pero case ten máis que ver co estatuto de escritor en galego. Se me preguntases como tería sido a súa carreira se fose en castelán diríache que moi distinta do que foi, porque lle permitiría profesionalizarse. En galego eu non creo que fose tan diferente, porque o problema aquí era que aquí non podía profesionalizarse, el necesitaba ter un traballo.

- Teríalle gustado ser profesional?

- Eu creo que si. A el tiráballe moito ser escritor.

- Que libro del cres que terá máis percorrido no futuro?

- Con el pasa algo moi curioso. Cando fixen o libro, manexei moitas declaracións de moita xente acerca do libro preferido de Casares. E está repartidísimo, o que quere dicir é que a media da súa obra é moi boa, que toca paos moi distintos que gustan a xente distinta. Eu, particularmente, se tivese que dicir un, 'Deus sentado nun sillón azul' é unha das grandes creacións literarias en galego do século XX. Para min non hai ningunha dúbida. O conxunto da súa obra é unha das máis sobresaíntes das nosas letras, pero esta en concreto para min é unha obra mestra.

- Non sei se chegaba a 'bon vivant', pero desde logo quen o coñeceu salientaba que era un home ao que lle gustaba disfrutar da vida.

- Si, é certo, era un home moi vitalista. El citaba aquel verso de Camus "O milagre de citar o que morre". A súa concepción da vida era que dura o que dura e hai que disfrutala. Gustáballe moito disfrutar da vida, o que non significa que fose moi comellón, para el o importante era disfrutar da amizade, do amor, viaxar, pasear na moto... Non o relacionaba con ser rico nin con ter moitos bens materiais, deixou unha herdanza material paupérrima, pero si esa sensación de que estamos aquí e temos que aproveitar o tempo que a vida nos dá.